


AS AGLOMERACIONES URBANAS


Algunhas cidades creceron ata conectar con outros núcleos de poboación. Créanse así *aglomeracións urbanas*, que poden ser de diferentes tipos: áreas metropolitanas, conurbacións, rexións urbanas e megalópole.



► As primeiras **áreas metropolitanas*** españolas creáronse no 1º 1/3 do s. XX, momento no que Madrid, Barcelona e Bilbao absorberon administrativamente municipios rurais próximos. No resto das grandes cidades españolas as áreas metropolitanas formáronse entre os anos 1960 e 1975, coincidindo cos anos do éxodo rural. A crise económica do ano 1975 provocou o estancamento demográfico das áreas metropolitanas debido ao descenso das migracións e da natalidade; situación que afectou especialmente á cidade central, que difundiu parte da súa poboación e das súas actividades económicas cara aos municipios da área metropolitana, que foron diversificando as súas actividades, mellorando os seus equipamentos... (páx. 372)

Alcorcón desenvolveuse nos anos 60 como unha cidade dormitorio de Madrid. Hoxe, con 175.000 habitantes, é un centro de servizos que reduciu a súa dependencia da capital.





0 100 km



RANGO	ÁREA METROPOLITANA	POBLACIÓN EN 2007	RANGO	ÁREA METROPOLITANA	POBLACIÓN EN 2007
1	Madrid	5.952.153	13	Santa Cruz de Tenerife	573.825

► **Conurbación:** é unha aglomeración urbana continua que se produce cuando dúas ou máis cidades independentes teñen un crecemento paralelo e acaban por unirse fisicamente, aínda que manteñan a súa autonomía administrativa. É un fenómeno típico das áreas metropolitanas das grandes cidades. En España existen diversos exemplos na costa debido ao crecemento urbano provocado polo turismo, este é o caso de Málaga-Estepona, noutros casos únense cidades especializadas como Alacant-Elx-Santa Pola.

Costa malagueña



► **Rexión urbana:** é unha aglomeración urbana descontinua, integrada por cidades dispersas, pero cunha trama o suficientemente densa como para que todo o territorio posúa características urbanas. A súa formación débese ao crecemento paralelo de varias cidades con tamaño e función distintas, un exemplo sería o centro-norte de Asturias, con Oviedo como capital administrativa, Gijón como cidade máis poboada, comercial e con porto, Avilés como cidade máis industrial e Mieres e Langreo, como cidades mineiras e industriais.



► **Megalópole:** é unha aglomeración urbana de extensión suprarrexional constituída por diversos elementos urbanos (áreas metropolitanas, conurbacións, rexións urbanas, pequenas cidades...) con funcións distintas, que crecen e forman un área urbana descontinua, pero sen fracturas importantes.



O eixe mediterráneo desde a fronteira francesa a Cartaxena pode considerarse como un exemplo de megalópole. Está formada polas áreas metropolitanas de Barcelona, Valencia e Alacant, conurbacións turísticas ou industriais, cidades medias e pequenas.

OS PROBLEMAS DAS CIDADES ESPAÑOLAS (páx. 364)

